

O galego: lingua en vías de normalización

A normalización é o proceso de adquisición, por parte dunha lingua, de funcións e ámbitos de uso e recuperación daqueles que lle foron usurpados por outra. A normalización pretende restaurar na sociedade o unilingüismo natural eliminando as situacións diglósicas.

Tende a converter unha lingua nun vehículo normal de comunicación dunha sociedade, é dicir que cada lingua desempeña a totalidade das funcións que lle son propias no seu territorio (individual, familiar, local, institucional, cultural, etc).

O obxectivo da normalización é conseguir que os individuos que forman unha sociedade sexan usuarios completos con dominio primario e secundario na lingua propia da comunidade.

No proceso de normalización hai que destacar a presenza de varios factores fundamentais para o avance do proceso:

- **Acción institucional:** materializada a través do poder político por medio dunha política lingüística, a lexislación, medidas de apoio necesario para normalizar unha parte importante dos ámbitos sociais (área administrativa, xudicial, educativa...)

- **Acción colectiva non institucional:** individuos que asumindo unha consciencia lingüística se agrupan para impulsar o proceso normalizador.

- **Acción individual:** asentada na vontade de ser persoas que forman unha comunidade, sen esta consciencia básica este proceso non se levará a término.

Para conseguir o éxito destas accións, é necesario un proceso de dinamización co obxecto de favorecer comportamentos positivos cara ao idioma, implicando activamente a colectivos e individuos a través de medidas que promovan o uso da lingua e conciencien e sensibilicen os axentes sociais, producindo un cambio de actitude na sociedade.

O proceso está agora nun momento decisivo. Nunca, desde a Idade Media, o galego dispuxo de tantas armas: oficialidade, mellora na consideración social, presenza no ensino e na cultura (aínda que nos últimos anos están desaparecendo case todas as axudas oficiais). Pero, por outro lado, nunca o perigo de substitución foi tan claro: ausencia importante de transmisión xeracional, presenza mínima nos medios de comunicación de masas...

A cultura agraria e mariñeira, que foi a que mantivo a lingua, está a desaparecer; aínda que está a medrar unha nova adhesión noutros ámbitos. Pero esta corrente regaleguizadora non compensa a perda progresiva de falantes. Se esta dinámica continúa, a medio prazo, o galego pode converterse nunha lingua "ritual". Só a lealdade lingüística, froito dun compromiso individual, pero tamén económico e social, poderá evitar que siga o proceso. Ademais a aposta pola lingua dos grandes poderes políticos e empresariais será un factor decisivo.